



## Concello de Xermade

### ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XERMADE (EXPTE. 334/2019).

Reunidos no salón de plenos da Casa Consistorial, o día 2 de Xullo de 2019 , ás 12.15 horas, a mesa de contratación convocada para o citado día, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Roberto García Pernas, coa asistencia dos seguintes vogais: D<sup>a</sup>. Lucía Trastoy Guizán, D<sup>a</sup>. Lorena Bouza Piñón e D<sup>a</sup>. María Cristina Varela García.

Non asiste o vogal D. Ernesto Ares Yáñez, que se atopa como titular noutro tribunal de selección de persoal no Concello de Xermade

Da fe do acto a Secretaria da mesa, D<sup>a</sup>. Ana Oseira Portela.

Aberto o acto pola presidencia, procédese á apertura de sobres do contrato de servizo “SAF dependencia e libre concorrência do Concello de Xermade”, cun orzamento de licitación que ascende a 2.543.063,04€ (IVE engadido), mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria.

Lémbrese que o anuncio de licitación foi enviado ao DOUE o 24/05/2019 e publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 26/05/2019, de xeito que o prazo de presentación de ofertas rematou o 27/06/2019.

A Secretaria da mesa procede ao reconto das ofertas presentadas e á súa confrontación cos asentos do libro rexistro, de acordo ao informe de data 2 de xullo de 2019 (que figura unido ao expediente de contratación):

EMPRESA	REXISTRO ENTRADA	DATA
PEOPLE PLUS INNOVATION, S.L.U.	2019-E-RC-1152	28/06/2019

Procédese á apertura do sobre A (Documentación Administrativa), verificándose que a empresa presenta a documentación correcta, polo que procede declarala admitida.

Acto seguido, procédese á apertura do sobre B (Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor).

Polo exposto, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Declarar admitida a oferta presentada pola empresa People Plus Innovation, SLU.

Segundo.- Que por parte da vogal D<sup>a</sup>. Lorena Bouza Piñón, traballadora social deste Concello, se proceda á revisión da documentación contida no sobre B e se emita informe de valoración ao respecto da mesma, acordando volver a reunirse o luns 8 de xullo, ás 12.00 horas, a efectos de dar conta do informe solicitado.

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

Levántase o acto sendo as 12.35 horas da data que figura no encabezamento, do que eu, secretaria da mesa, dou fe.

A Secretaria da mesa

Visto e prace

O presidente

*DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE*